

Convenio de Colaboración entre a Consellería de Cultura, Lingua e Xuventude e a Fundación Galicia Europa para a difusión de oportunidades da UE entre a mocidade galega no exercicio 2025.

No lugar e data da sinatura dixital

REÚNENSE

Dunha parte,

José López Campos, conselleiro da Consellería de Cultura, Lingua e Xuventude, en virtude do Decreto 44/2024, do 14 de abril, polo que se nomean os titulares das consellerías da Xunta de Galicia, no exercicio das facultades que lle confire o artigo 34 da Lei 1/1983, do 22 de febreiro, de normas reguladoras da Xunta e da súa Presidencia e o artigo 2 do Acordo do Consello da Xunta de Galicia do 27 de marzo de 1991, sobre convenios de cooperación con outros entes públicos e de colaboración con particulares, publicado por Resolución de 8 de abril de 1991 (*Diario Oficial de Galicia* nº82, do 30 de abril de 1991), e de conformidade co establecido no Decreto 42/2024, do 14 de abril, polo que se establece a estrutura orgánica da Xunta de Galicia e o Decreto 49/2024, do 22 de abril, polo que se fixa a estrutura orgánica das consellerías da Xunta de Galicia, e no Decreto 146/2024, do 20 de maio, polo que se establece a estrutura orgánica da Consellería de Cultura, Lingua e Xuventude.

Doutra parte,

Jesús María Gamallo Aller director da Fundación Galicia Europa, que intervéñen neste acto por conta e en representación da mesma, segundo recollen os seus estatutos, no seu artigo 26.1.g), elevados a escritura pública perante o notario de Santiago de Compostela don José Manuel Amigo Vázquez, o vinte seis de febreiro de dous mil vinte catro, co número cincocentos oitenta e un do seu protocolo, tendo a Fundación o seu domicilio na rúa do Hórreo, nº 61, código postal 15701 de Santiago de Compostela, con código de identificación fiscal G15140023.

Interveñen en función dos seus respectivos cargos e no exercicio das facultades que para convir en nome das entidades que representan teñen conferidas e que mutuamente se recoñecen.

EXPOÑEN

Primeiro.- Que as administracións públicas poden celebrar convenios de colaboración coas corporacións locais ou con outros entes de dereito público e con persoas físicas ou xurídicas ao abeiro do disposto na Lei 40/2015, do 1 de outubro, do réxime xurídico do sector público, e no artigo 6 da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de contratos do sector público pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, de 26 de febreiro de 2014.

Segundo.- Que a Fundación Galicia Europa creouse ao amparo do artigo 34.1 da Constitución española e réxese pola Lei 12/2006, do 1 de decembro, de fundacións de interese galego e normativa de desenvolvemento, inscrita no Rexistro de fundacións de interese galego, con número 1988/1. Foi declarada de interese galego pola Orde do 24 de maio de 1988 e resúltalle de aplicación a Lei 16/2010, do 17 de decembro, de organización e funcionamento da Administración xeral e do sector público autonómico de Galicia, en concreto, o artigo 118 de réxime orzamentario, económico-financeiro, de contabilidade e de control, e o artigo 119 de auditoría e control; dependente do padroado, coa composición e funcións que se determinan nos seus estatutos.

A Fundación Galicia Europa, creada para promover todas aquelas accións que propicien o achegamento entre Galicia e Europa, centra o seu labor en defender os intereses de Galicia ante a Unión Europea, promover a participación galega en proxectos europeos, e informar, formar e sensibilizar sobre a Unión Europea en Galicia.

Terceiro.- Que a Fundación Galicia Europa, xa dende os seus inicios, recoñece a xuventude galega como unha das principais destinatarias da súa actividade de carácter informativo, de formación e de sensibilización sobre asuntos europeos, desenvolvendo actividades específicas baixo a denominación "EuroXuventude".

Cuarto.- Que a Consellería de Cultura, Lingua e Xuventude é o órgano superior da Xunta de Galicia ao que compete levar a cabo, entre outras, a súa política en materia de xuventude segundo o disposto no Decreto 49/2024, do 22 de abril, polo que se fixa a estrutura orgánica das consellerías da Xunta de Galicia e no Decreto 146/2024, do 20 de maio, polo que se establece a estrutura orgánica da Consellería de Cultura, Lingua e Xuventude. A dita consellería, a través da Dirección Xeral competente en materia de

xuventude é a responsable da Rede Galega de Información Xuvenil, para a consecución dos obxectivos propostos no Título V do Decreto 50/2000, de 20 de xaneiro, polo que se refunde e actualiza a normativa vixente en materia de xuventude e no Capítulo II da Lei 6/2012, de 19 de xuño, de xuventude de Galicia. Rede que ten como obxectivos asegurar que as prestacións de servizos de información xuvenil se desenvolvan en condicións axeitadas, garantir a difusión de información xuvenil ampla e actualizada en todo o ámbito da Comunidade Autónoma de Galicia, así como favorecer a implantación dos mecanismos de información precisos para posibilitar a igualdade de oportunidades entre a xuventude galega.

Quinto.- Que a Consellería de Cultura, Lingua e Xuventude considera esencial o apoio á Fundación Galicia Europa para o desenvolvemento de actividades de carácter informativo e de asesoramento á xuventude sobre a Unión Europea.

A dita consellería considera que, como medida para afrontar a demanda de información sobre Europa e a multiplicación de iniciativas para a xuventude, cómpre o establecemento de accións que dean resposta de maneira axeitada ás demandas dos mozos e mozas, establecendo unha estreita coordinación coas canles de información establecidas na Rede Galega de Información Xuvenil.

Sexto. A través do presente convenio concederáse unha subvención nominativa a favor da Fundación Galicia Europa prevista nos orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2025, nos termos recollidos no artigo 19.4.a) da Lei 9/2007, do 13 de xuño de subvencións de Galicia así como do artigo 36 do Decreto 11/2009, polo que se aproba o Regulamento da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, o que xustifica a imposibilidade de promover a concorrência pública.

A razón pola que se concede nominativamente a subvención á Fundación Galicia Europa xustifícase na singularidade e diferenza desta respecto doutras posibles beneficiarias. A Fundación Galicia Europa, segundo o Decreto 178/2015, do 26 novembro, polo que se regula a acción exterior da Comunidade Autónoma de Galicia (DOG núm. 233, do 7 de decembro) é unha entidade sen ánimo de lucro e ente instrumental do sector público autonómico galego que opera, ademais, sometida ao dereito local foráneo onde desenvolve as súas actividades e ten o mandato da Xunta de Galicia para exercer a representación autonómica galega ante as institucións e órganos da Unión Europea

seguindo as directrices do Goberno autonómico e respectando os principios de unidade de acción exterior do Estado.

Xa dende a primeira Estratexia de Acción Exterior de Galicia, destacou o papel da Fundación Galicia Europa como a punta de lanza da participación galega nos asuntos europeos e que, desde a súa orixe, "reforzou a presenza de Galicia en Europa a través dunha participación activa e efectiva en todos aqueles foros e organismos onde podía facer oír a súa voz".

O carácter de entidade instrumental do sector público autonómico e o carácter centralizador dos asuntos galegos na Unión Europea son as causas obxectivas para a concesión desta axuda nominativa.

Por todo o exposto, ambas partes acordan subscribir o presente convenio con suxeición ás seguintes:

CLÁUSULAS

Primeira. *Obxecto*

O obxecto do presente convenio é establecer as condicións polas que se rexerá a colaboración entre a Consellería de Cultura, Lingua e Xuventude e a Fundación Galicia Europa para o financiamento por parte da primeira de actividades desenvolvidas pola segunda para difundir oportunidades da Unión Europea entre a mocidade galega durante o ano 2025.

Segunda. *Actividades a subvencionar*

1. A través do presente convenio a Dirección Xeral de Xuventude contribuirá a subvencionar as seguintes actividades:

a) A oficina virtual de información #EuroXuventude:

O portal web da Fundación Galicia Europa (www.fundaciongaliciaeuropa.eu) manterá actualizado durante 2025 o apartado específico con información europea

actualizada de interese para a xuventude galega, a modo de oficina virtual de información, baixo o nome de *EuroXuventude*.

b) A Guía de prácticas e saídas profesionais na UE e Organizacións Internacionais 2025:

A FGE seguirá durante o ano 2025 coa difusión e divulgación da súa guía sobre as posibilidades de prácticas e saídas profesionais na Unión Europea e organización internacionais entre a mocidade galega.

c) A difusión en INSTAGRAM dos contidos de *#EuroXuventude*:

A FGE xestionará o perfil EuroXuventude en Instagram, dedicado en exclusiva á información europea entre a mocidade galega. Este perfil foi creado como proxecto piloto a finais do ano 2024 e complementase con algunhas publicacións nos perfís da FGE en X e LinkedIn sobre oportunidades para mozos na Unión Europea

d) A interacción entre a Dirección Xeral de Xuventude e a FGE en redes sociais:

A FGE coordinarase coa Dirección Xeral de Xuventude para potenciar a visibilidade de iniciativas e oportunidades europeas para os mozos e mozas galegos nas redes sociais de ambas entidades.

e) Obradoiros de orientación sobre oportunidades da UE para a mocidade:

A FGE organizará dous obradoiros orientados a mellorar a empregabilidade dos mozos e mozas galegos en ámbitos laborais relacionados coa UE, abordando as posibilidades que ofrecen programas como Erasmus +, Interreg, Volunteer Youth ou o Corpo Europeo de Solidariedade. Estes obradoiros integraránse no programa Xuventude Mentoring da Xunta de Galicia.

f) Apoio a organización de visitas de grupos de mozos e mozas galegos a Bruxelas:

A FGE prestará apoio á organización de visitas educativas a Bruxelas para achegar a realidade das institucións europeas á xuventude galega e acollerá nas súas instalacións a estes grupos para lles informar sobre a actividade de Galicia na UE.

g) Organización dun encontro virtual Xunta – UE sobre políticas de Xuventude:

A FGE dedicará un dos seus encontros virtuais anuais entre a Xunta e responsables das institucións europeas a abordar a política en materia de xuventude desenvolvida pola UE e pola Xunta de Galicia.

Terceira. Crédito orzamentario

A achega financeira da Consellería de Cultura, Lingua e Xuventude a través do presente convenio, ascende á cantidade de vinte e un mil catrocentos euros (21.400,00 €), con cargo á partida orzamentaria 43.05.313A.443.02 dos orzamentos xerais da Comunidade Autónoma para o ano 2025, para a realización dos programas de información e sensibilización da Fundación Galicia Europa sobre a Unión Europea dirixidos á xuventude galega, así como para a preparación e o desenvolvemento pola Fundación Galicia Europa de proxectos de cooperación europea en beneficio da mocidade da eurorrexión Galicia Norte de Portugal no ano 2025, recollidos na cláusula segunda.

Desagregación dos custos das actuacións:

Tipoloxía Actuación	Porcentaxe	Total (€)
Persoal asociado á actividades	17,76%	3.800€
Asistencias Externas	82,24%	17.400€
TOTAL	100%	21.400€

Cuarta. Compatibilidade

Esta subvención é compatible con outras subvencións, axudas, ingresos ou recursos para a mesma finalidade procedentes de calquera Administración ou ente público ou privado, nacional, da Unión Europea ou de organismos internacionais.

O importe das subvencións en ningún caso poderá ser de tal contía que, illadamente ou en concorrencia con subvencións ou axudas doutras administracións públicas ou doutros

entes públicos ou privados, nacionais ou internacionais, supere o custo total da actividade que vai desenvolver a Fundación.

Quinta. *Gastos subvencionables*

Con carácter xeral e de conformidade co artigo 29 da Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia, consideraranse gastos subvencionables aqueles que de xeito indubidable respondan á natureza das actividades que formen parte do obxecto subvencionado a través deste convenio descritas na cláusula segunda e se realicen entre o 1 de xaneiro e o 30 de decembro de 2025, por un importe máximo subvencionable de vinte e un mil catrocentos euros (21.400,00 €).

Para estes efectos, considerárase gasto realizado o que foi efectivamente pagado con anterioridade á finalización do período de xustificación que remata o 15 de decembro de 2025. Poderán financiarse con cargo a este convenio os gastos de persoal necesarios para a execución das ditas actividades, concretamente os derivados dos custos do persoal destinado á execución directa das actividades descritas na cláusula segunda. Non serán subvencionables os gastos de persoal que non preste servizos directamente relacionados co desenvolvemento das actividades obxecto deste convenio.

Ademais poderán financiarse con cargo a este convenio os gastos non amortizables necesarios para a realización das actuacións, tales como os derivados da elaboración de materiais e de publicidade das actividades.

Sexta. *Xustificación*

1. A achega da Consellería de Cultura, Lingua e Xuventude será librada nunha conta corrente da que sexa titular a Fundación Galicia Europa, previa presentación da xustificación das actividades realizadas, mediante a achega da seguinte documentación:

a) Memoria de actuación xustificativa do cumprimento das actividades subvencionadas a través do presente convenio.

b) Memoria económica xustificativa do custo das actividades, que conterá:

1º. No caso de gasto de persoal: nóminas, boletíns de cotización á Seguridade Social, documentos de retencións do imposto da renda das persoas físicas e documentos similares.

2º. Unha relación clasificada dos gastos de cada actividade, con identificación da persoa acreedora e do documento, o importe, data de emisión e no seu caso, data de pago de cada unha delas.

3º. Facturas ou documentos de valor probatorio equivalente no tráfico xurídico-mercantil ou con eficacia administrativa incorporados na relación a que se fai referencia no número ordinal anterior e a documentación acreditativa do pago.

c) Unha certificación expedida polo director da Fundación Galicia Europa da realización das actividades subvencionadas a través deste convenio e o gasto derivado delas.

d) Unha declaración das axudas solicitadas, tanto as aprobadas ou concedidas como as pendentes de resolución, para a mesma finalidade, das distintas administracións públicas competentes ou dos seus organismos ou sociedades.

e) Unha declaración de atoparse ao corrente no cumprimento das súas obrigas tributarias e fronte á Seguridade Social, non tendo pendente de pagamento ningunha outra débeda coa Administración pública da Comunidade Autónoma.

2. A documentación xustificativa prevista nesta cláusula deberá remitirse con cada xustificación parcial e en todo caso, o 15 de decembro de 2025, data límite de xustificación.
3. Coa xustificación final, a entidade beneficiaria deberá presentar unha declaración responsable nos termos do artigo 11 do Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, polo que se aproba o regulamento a Lei 9/2007, do 13 de xuño de estar ao corrente no cumprimento das obrigas tributarias ou fronte á Seguridade Social e de non ter pendente de pagamento ningunha outra débeda coa Administración pública da Comunidade Autónoma.

4. Con carácter previo ao pagamento poderá consultarse, salvo oposición por parte da Fundación Galicia Europa, o cumprimento das súas obrigas tributarias, coa Seguridade Social e coa facenda da Administración Pública da Comunidade Autónoma de Galicia, así como non ser debedora por resolución de procedemento de reintegro. De opoñerse terá que facelo de xeito expreso tal como sinala o artigo 28 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, de procedemento administrativo común das administracións públicas e achegar os xustificantes ou documentación necesaria para acreditar o seu cumprimento, de conformidade coa normativa de subvencións públicas.
5. A data límite de xustificación, para os efectos do artigo 37.2.e) do Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, é do 15 de decembro de 2025. Non obstante, o órgano xestor do convenio poderá esixir a acreditación da xustificación da subvención con anterioridade e en función do que, no seu día, dispoña a norma que regula as operacións de pechamento do exercicio 2025.
6. A falta de presentación de xustificación no prazo establecido comportará a perda do dereito ao cobro da subvención, ou da parte proporcional non xustificada e demais responsabilidades establecidas na Lei 9/2007, do 13 de xuño. Cando formen parte da conta xustificativa documentos de gastos de nóminas ou que comporten ingresos á conta do IRPF ou cotas por seguros sociais de 2025 liquidables con posterioridade á data de xustificación, o importe destes ingresos ou cotas considérase xustificado coa presentación do documento de gasto, factura ou documento equivalente, en que se reflecta o importe da retención ou cotización devengadas na data de xustificación, quedando a Fundación Galicia Europa obrigada a presentar os documentos acreditativos da súa liquidación con data límite na primeira quincena de febreiro de 2026.

Sétima. *Pagamento*

1. Respecto ao pagamento e forma de xustificación da subvención, estarase ao disposto na Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, no Real decreto 887/2006, do 21 de xullo, polo que se aproba o Regulamento da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, na Lei 9/2007, do 13 de xuño e no Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro.

O pagamento da contía referida no presente convenio farase do seguinte xeito:

- a. Ata o 80% do importe total concedido poderase facer efectivo mediante pagamentos parciais á conta da liquidación definitiva na medida que a entidade xustifique, de conformidade co disposto na cláusula sexta, os gastos e os pagos realizados.
- b. O 20% restante abonarase unha vez xustificada a realización da totalidade da actividade subvencionada consonte ao disposto na cláusula anterior.

2. Estes libramentos quedan exonerados da constitución de garantías consonte ao disposto no artigo 65.4 do Decreto 11/2009.

3. Considerarase efectivamente pagado o gasto cando se xustifique o pagamento mediante extractos ou certificacións bancarias debidamente identificados, selados e asinados pola entidade beneficiaria, segundo o establecido no artigo 42.2 do Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro.

Oitava. *Vixencia*

A vixencia do presente convenio de colaboración estenderase dende a data da súa sinatura ata o 31 de decembro do 2025.

Non obstante, os gastos das actuacións subvencionadas a través do presente convenio que realizase a Fundación Galicia Europa dende o 1 de xaneiro de 2025 tamén poderán ser subvencionadas ao seu abeiro coa achega da Consellería de Cultura, Lingua e Xuventude.

Novena. *Modificación. Denuncia*

Toda alteración das condicións tidas en conta para a concesión desta axuda e en todo caso a obtención concorrente de subvencións ou axudas outorgadas por outras administracións ou entes públicos ou privados, nacionais ou internacionais, poderán dar lugar á modificación do presente convenio.

As partes poderán denunciar e resolver o presente convenio en calquera momento e de acordo co establecido na cláusula décima primeira.

De acordo ao artigo 31.4 da Lei 14/2013, do 26 de decembro, de racionalización do sector público autonómico, poderá ser obxecto de modificación cando teña por finalidade o logro dos obxectivos de estabilidade orzamentaria e sustentabilidade financeira.

As ditas modificacións terán por obxecto a redución do volume das obrigas ou a ampliación do seu prazo de execución.

Décima. *Obrigas da entidade beneficiaria da subvención.*

Fundación Galicia Europa deberá cumprir os requisitos sinalados no artigo 10 da Lei 9/2007, do 13 de xuño e someterse ás actuacións de comprobación que a Consellería de Cultura, Lingua e Xuventude poida requirirlle para a debida xustificación da axuda concedida e do cumprimento dos fins das actuacións subvencionadas a través deste convenio, as de control financeiro que correspondan á Intervención Xeral da Comunidade Autónoma en relación coas subvencións e axudas concedidas e ás previstas na lexislación do Tribunal de Contas e do Consello de Contas.

Así mesmo, suxeitarase ao disposto nos artigos 11.c) da Lei 9/2007, do 13 de xuño, e 14.c) da Lei 38/2003, do 17 de decembro, ademais de comprometerse ao cumprimento do resto das obrigas do artigo 11 da citada Lei 9/2007, do 13 de xuño.

A Fundación Galicia Europa deberá conservar os documentos xustificativos da aplicación dos fondos recibidos, incluídos os documentos electrónicos, en tanto poidan ser obxecto das actuacións de comprobación e control.

Deberá igualmente subministrar á Administración toda a información necesaria para o cumprimento das obrigas previstas no título da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, coas consecuencias, no caso de incumprimento, indicadas no artigo 4 da devandita lei.

Décima primeira . *Causas de resolución*

Son causas de resolución do presente convenio e procederá, se é o caso, o reintegro total ou parcial da axuda percibida e os xuros de mora xerados dende o momento do seu pagamento, as seguintes:

- a) O incumprimento de calquera das cláusulas establecidas no mesmo.
- b) A aplicación dos fondos outorgados no convenio para fins distintos dos que motivaron a concesión.
- c) A falta de xustificación do emprego das cantidades recibidas.
- d) As establecidas nos artigos 32 e 33 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, procedendo, se fora o caso, o reintegro total ou parcial da axuda percibida e dos xuros de mora devengados dende o momento do seu pagamento ata a data na que se acorde a procedencia de reintegro.

De resolverse o convenio, a Consellería de Cultura, Lingua e Xuventude, poderá esixir o reintegro das cantidades achegadas. Igualmente, de conformidade co disposto no artigo 17.3 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, procederá o reintegro do exceso percibido no suposto de que o importe da axuda, illado ou en concorrencia con outras subvencións, axudas, ingresos ou recursos supere o custo da actividade subvencionada.

En canto aos efectos estarase ao establecido no artigo 52 da citada Lei 40/2015, do 1 de outubro.

Décima segunda . *Comisión de seguimento e control*

1. Constitúese unha comisión de seguimento e control, que vai levar a cabo as funcións contempladas no presente convenio e, en especial, as de supervisión e avaliación das actuacións nel recollidas.
2. A comisión estará composta por unha persoa representante de cada unha das partes asinantes do convenio.
3. A representación da Consellería de Cultura, Lingua e Xuventude, corresponderalle á persoa titular da Dirección Xeral competente en materia de xuventude, que, así mesmo, ostentará a Presidencia da Comisión.

A suplencia será asumida segundo o disposto na disposición adicional cuarta do Decreto 196/2024, do 20 de maio e na orde de prelación que se establece no Decreto 49/2024, do 22 de abril, polo que se fixa a estrutura orgánica das consellerías da Xunta de Galicia.

4. A representación da Fundación Galicia Europa, e no seu caso a súa suplencia, corresponderalle á persoa que designe a presidencia do Padroado da Fundación de conformidade co recollido nos seus estatutos.

5. A secretaría, e no seu caso a súa suplencia, corresponderalle á persoa que designe a persoa titular da presidencia da Comisión, de entre o persoal funcionario da Dirección Xeral competente en materia de xuventude. Contará con voz pero sen voto.

6. Esta comisión que se reunirá por petición de calquera das partes, será o mecanismo de actuación conxunta para o seguimento e avaliación das actuacións estipulada no presente convenio. Non obstante, todas aquelas cuestións que se susciten en relación co outorgamento, xustificación e pagamento, así como reintegro e determinación das posibles responsabilidades relativa á subvención concedida, serán resoltas pola persoa titular da Consellería de Cultura, Lingua e Xuventude.

7. Como órgano colexiado a comisión someterase ao réxime establecido na Lei 40/2015, do 1 de outubro, do Réxime Xurídico do Sector Público, e na Lei 16/2010, do 17 de decembro, de organización e funcionamento da Administración Xeral e do sector público autonómico de Galicia.

Décima terceira. *Inexistencia de relación laboral*

Para levar a cabo os obxectivos e fins do programa a subvencionar a través do convenio, a Fundación Galicia Europa poderá contratar, con cargo ao orzamento sinalado na cláusula terceira, persoal para o desenvolvemento das actividades descritas. Neste caso, a Fundación Galicia Europa asume a responsabilidade respecto do persoal que asume as obrigas de levar a cabo as actividades do programa descritas no convenio.

A sinatura deste convenio non supón relación laboral, contractual ou de calquera outro tipo entre os profesionais e empregados da Fundación Galicia Europa que desenvolvan as actividades programadas e a Consellería de Cultura, Lingua e Xuventude da Xunta de Galicia.

Décima cuarta . *Publicidade e transparencia*

1. Este convenio será obxecto de publicación e inscrición, de acordo co previsto no artigo 17 da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro e no Decreto 126/2006, do 20 de xullo, polo que se regula o Rexistro de Convenios da Xunta de Galicia.

2. Así mesmo, será obxecto de publicación e inscrición de conformidade co previsto nos artigos 15 e 16 da Lei 9/2007, do 13 de xuño e no Decreto 132/2006, do 27 de xullo, polo que se regulan os rexistros públicos creados nos artigos 44 e 45 da Lei 7/2005, do 29 de decembro, de orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2006.

3. De conformidade co artigo 20 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, o instrumento de colaboración e a información sobre a subvención serán comunicados á Base de Datos Nacional de Subvencións.

4. As partes asinantes do convenio manifestan o seu consentimento para que os datos persoais que constan neste convenio, así como o resto das especificacións contidas nel poidan ser publicados no Portal de Transparencia e Goberno Aberto.

Décima quinta. *Información básica sobre protección de datos*

As partes asinantes deste convenio garantirán a confidencialidade dos datos persoais aos que teñan acceso como consecuencia das actuacións realizadas en execución deste e de conformidade co disposto na Lei orgánica 3/2018, do 5 de decembro, de protección de datos persoais e garantía dos dereitos dixitais e no Regulamento (UE) 2016/679 do Parlamento Europeo e do Consello, do 27 de abril de 2016, relativo á protección das persoas físicas no que respecta ao tratamento de datos persoais e a libre circulación de estes datos e polo que se derroga a Directiva 95/46/CE (Regulamento xeral de protección de datos).

Os datos persoais recadados neste procedemento serán tratados na súa condición de responsable pola Xunta de Galicia-Consellería de Política Social e Xuventude coa finalidade de levar a cabo a tramitación administrativa derivada da xestión da concesión directa a través deste convenio que comprende verificar os datos e documentos que a entidade interesada achegue para comprobar a exactitude destes, levar a cabo as actuacións administrativas que se deriven e informar sobre o estado de tramitación.

O tratamento dos datos baséase no cumprimento dunha misión de interese público ou no exercicio de poderes públicos, conforme ás referencias recollidas no enlace <https://www.xunta.gal/información-xeral-proteccion-datos>, derivada dunha competencia legalmente atribuída ao responsable do tratamento, así como o cumprimento das obrigas legais impostas ao dito responsable de conformidade co disposto no artigo 6.1, letras c) e e) do Regulamento (UE) 2016/679 do Parlamento Europeo e do Consello, do 27 de abril de 2016 e o artigo 8 da Lei orgánica 3/2018, do 5 de decembro, e en concreto a competencia e obrigas previstas nos preceptos básicos da Lei 38/2003, do 17 de novembro, da Lei 9/2007, do 13 de xuño, na Lei 39/2015, do 1 de outubro, na Lei 1/2016, do 18 de xaneiro e na Lei 4/2019, do 17 de xullo, de administración dixital de Galicia. Con todo, determinados tratamentos poderán fundamentarse no consentimento das persoas interesadas, reflectíndose esta circunstancia de conformidade coa normativa de aplicación.

A referencia a publicidade, en cumprimento da normativa de transparencia e subvencións, axustarase a dita normativa e coas limitación que esta establece.

Como destinatarios, os datos serán comunicados ás administracións públicas no exercicio das súas competencias, cando sexa necesario para a tramitación e resolución dos seus procedementos ou para que os cidadáns poidan acceder de forma integral á información relativa a unha materia.

As persoas interesadas poderán solicitar o acceso, rectificación, oposición, limitación, portabilidade e supresión dos seus datos ou retirar, no seu caso, o consentimento outorgado a través da sede electrónica da Xunta de Galicia, ou nos lugares e rexistros establecidos na normativa reguladora do procedemento administrativo común, segundo se recolle en <https://www.xunta.gal/exercicio-de-dereitos>. O contacto coa persoa delegada de protección de datos e máis información consultarase no enlace <https://www.xunta.gal/proteccion-datos-persoais>.

Décima sexta. Réxime xurídico e normativa de aplicación

O presente convenio terá carácter administrativo rexéndose nos seus efectos polo establecido nas súas cláusulas, polo disposto na Lei 9/2007, do 13 de xuño, na Lei 38/2003, do 17 de novembro, na Lei 40/2015, do 1 de outubro, e no Decreto legislativo 1/1999, do 7 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da Lei de réxime financeiro e orzamentario de Galicia. No seu defecto, para resolver as lagoas e dúbidas que puideran presentarse, rexerase polo establecido na Lei 9/2017, de 8 de novembro, de contratos do

sector público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, do 26 de febreiro do 2014.

A administración gozará de tódalas prerrogativas inherentes á natureza administrativa do convenio.

As cuestións litixiosas xurdidas acerca da interpretación, modificación e resolución deste convenio serán resoltas pola Consellería de Cultura, Lingua e Xuventude poñendo os seus acordos fin á vía administrativa. Contra elas cabe recurso potestativo de reposición ante o mesmo órgano que ditou a resolución, segundo o previsto no artigo 124 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, se a resolución fose expresa no prazo de un mes. Se o acto non fora expreso, poderá interpor recurso de reposición en calquera momento a partir do día seguinte a aquel en que se produza o acto presunto, ou poderá interpoñer directamente recurso contencioso - administrativo, no prazo de dous meses contados desde o día seguinte á notificación do acto que poña fin á vía administrativa, se fose expreso. Se non o fora, o prazo será de seis meses e contarase, para o solicitante e outros posibles interesados, a partir do día seguinte a aquel en que, de acordo coa súa normativa específica, se produza o acto presunto, de conformidade co disposto na Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso – administrativa. Para tales efectos o tribunal competente será o Tribunal Superior de Xustiza de Galicia.

En proba de conformidade, asinan o presente convenio de colaboración no lugar e data da sinatura dixital.

Pola Consellería de Cultura, Lingua e
Xuventude
O Conselleiro

José López Campos

Pola Fundación Galicia Europa
O director

Jesús María Gamallo Aller